



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS. CONVOCATORIA E BASES PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. APROL CONCELLOS 2024.

EXPEDIENTE: 2024/G003/000153 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2024/A008/000011 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2024/E001/000003 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a Resolución de concesión de subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) pola que se lle concede ao Concello de Vilasantar subvención para a contratación de 2 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”

Visto que mediante o decreto de alcaldía 127/2024, de 14 de Maio de 2024, se aprobaron as bases e convocatoria para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 2 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia deste concello.

Visto que en data 14/05/2024 se presentou a oferta de emprego número 12-2024-4853 para peóns forestais introducida no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Examinadas as solicitudes presentadas e visto que hai candidatos remitidos pola oficina de emprego que non presentaron a documentación porque xa estaban contratados por outro concello.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local. **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Admitir provisionalmente ós aspirantes presentados que se relacionan a continuación ó proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 2 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”.



ADMITIDOS:

Nº DE REXISTRO	DNI	APELIDOS E NOME
202400000000422	32****53 D	Bugallo Tomé, José Luis
202400000000423	33****66 N	Vazquez Astray, Juan
202400000000424	76****45 P	Lamas Castro, Manuel
202300000000430	78****95 R	Carreira León, Carmen

SEGUNDO.- Excluir provisionalmente ós aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego que se relacionan a continuación e que non presentaron a documentación esixida nas bases do proceso selectivo para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 2 peóns forestais para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”:

EXCLUIDOS:

- Corral López, José
- García Ramos, Juan Francisco.

TERCEIRO.- Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación desta resolución, para presentar as reclamación oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

QUINTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.